



Concello de Riveira

2016

ORZAMENTO

Orzamento 2016

Presentación

Memoria de Alcaldía
Ingresos
Gastos
Orzamento de Inversión
Aforro Neto y Aforro bruto
Débeda viva

ORZAMENTO 2016

Memoria de Alcaldía



IDEA CENTRAL:

- O Orzamento experimenta un aumento do 6,08% en termos globais respecto do ano 2015.
- A pesar do contexto económico que conlevou unha rebaixa significativa dos recursos dispoñibles, o equipo de Goberno Municipal de Riveira foi quen, de realizar os axustes precisos, para que os ingresos correntes do Concello se manteñan en niveles anteriores a crise, a pesares da minoración do orzamento en mais de 2 millóns de euros, mantéñense e incluso nalgún caso aumentáanse tódolos servizos que presta este Concello, reservando de ditos ingresos preto de 900.000 euros para investir con fondos propios, motivo polo cal houbo que reformular e recalcular os crecentes gastos que xeran os servizos públicos.
- Responsabilidade na xestión económica, sen desatender as necesidades sociais.

ORZAMENTO 2016

Memoria de Alcaldía



IDEA CENTRAL:

- O equipo de Goberno do Concello de Riveira é consciente da importancia do Orzamento Municipal como instrumento para a adecuada xestión dos Servizos Municipais e para a actuación das distintas áreas nun período crítico, convertendo ao cidadán no eixo da política local a través do Orzamento 2016.
- Por elo considérase unha decisión transcendental a aprobación do Orzamento para que entre en vigor o antes posible, xa que estamos ante un:

PROXECTO SOSTIBLE
DE MERCADO CARÁCTER SOCIAL
PENSADO PARA ÁS PESSOAS.

ORZAMENTO 2016

Memoria de Alcaldía

LIÑAS MESTRAS GASTO



1. Incrementábase de maneira moi importante no seu conxunto o gasto na área social cifrado no ano 2016 en máis de 1,7 millóns de euros, un 31,75% máis que no ano 2015, o que supón 404,091,04 € a maiores.
2. Os gastos de persoal sitúanse en cifras inferiores aos do ano 2010, e iso tendo en conta o impulso do Plan de Emprego Local (PEL) polo que este equipo de Goberno vai convocar 83 prazas de carácter temporal para cubrir as distintas necesidades do Concello , e a consignación da parte de paga extra de decembro de 2012 tal e como dispón a disposición adicional duodécima da Lei 48/2015 de 29 de outubro, de Orzamentos do Estado para o ano 2016.
3. O importantísimo axuste de custes financeiros ao modificar as condicións dos préstamos asinados cas distintas entidades bancarias,o que proporcionou ao Concello unha rebaixa de máis do 33% dos custes en intereses con respecto ao ano 2014, permitindo isto un aforro de preto de 88.000 euros e así poder dedicalos ao mantemento dos servizos ás persoas.
4. Mantemento do orzamento de carácter inversor grazas aos convenios asinados coa Deputación da Coruña e Xunta de Galicia, a operación de endebedamento e polos fondos propios do Concello.

ORZAMENTO 2016

Memoria de Alcaldía

LIÑAS MESTRAS GASTO



5. O capítulo II de gasto (gastos en bens correntes e servizos) increméntase nun 3,14%, por baixo do incremento presupostario pero é o que sofre unha maior tensión, tendo en conta as seguintes particularidades:

A subida do IVE fixo que os servizos xa viñeran absorvendo dita subida nas consignacións orzamentarias dos pasados exercicios.

A importante subida no financiamento do custe da dependencia e axuda a domicilio, que supón un incremento de máis de 100.000 euros.

As actualizacións de prezos dos contratos da xestión de auga e saneamento, a aposta polo mantemento de servizos e infraestruturas, como poden ser os parques, vías públicas, beirarrúas, desbroces ou o turismo.

A destacable minoración das consignacións para facer fronte aos custes do contrato de RSU e LV e do canon de SOGAMA, derivado do acordo do Pleno da Corporación en relación a reorganización do servizo e modificación do contrato, así como a aplicación do correspondente IVE segundo sentenza 338/2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso interposto polo Concello ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, provocando un descenso do -7,61% con respecto ao 2015, o que supón un aforro de máis de 200.000 euros para o financiamento doutros servizos

A importante minoración dos custes enerxéticos do alumeadado público, xa que a través do contrato ca empresa de servizos enerxéticos, o Concello foi quen de aforrar máis dun 70% do custe derivado do consumo enerxético.

ORZAMENTO 2016

Memoria de Alcaldía



LIÑAS MESTRAS INGRESO

1. Incremento dun 5,42% do ingreso corrente relativo ao capítulo 1, e do 2,71 % relativo ao capítulo 4 incluído o reaxuste na estimación de ingresos da recollida, derivado do acordo do Pleno da Corporación en relación ao contrato de RSU e LV coa empresa URBASER.

Os capítulos 2 e 3 mantéñense nos mesmos termos que no ano 2015. Para o ano 2016 vaise producir unha importante diminución na Participación nos Tributos do Estado do -2.59%, cifrada a mesma en -129.437, euros. Aínda que é preciso recordar, que o Concello debe afrontar a devolución parcial das liquidacións da Participación nos Tributos do Estado nos exercicios 2008 e 2009

2. Importante diminución da débeda viva en virtude do Plan de Aforro e Investimento (PAI2016) da Deputación de A Coruña, posto que dos 401.830,29 € que nos corresponden, 162.259,07 euros vanse destinar a amortización anticipada para reducir o endebedamento do Concello de Riveira.

3. Cumprimento do obxectivo de estabilidade, cun importante superávit orzamentario de 472.108,52 euros

4. Unha vez cuberto o gasto corrente necesario para o mantemento e funcionamento dos distintos servizos municipais, e que debe financiarse con gasto corrente, destínase o exceso de ingresos correntes ao investimento, que alcanza neste exercicio a cifra de 2.925.666,62 euros (aproximadamente o 13,61 % do total do orzamento). Deste xeito, e dende o punto de vista do gasto, as partidas principalmente dotadas son as destinadas a gasto corrente, gasto de persoal e investimento.

ORZAMENTO 2016

Ingresos	Euros	% Total	Variación 15	Absoluto
Operaciones corrientes	18.998.385,51	88,35	2,91	536.730,80
I- I. Directos	6.184.200,00	28,77	5,73	335.200,00
II- I Indirectos	200.000,00	0,93	0,00	0,00
III- Taxas	5.480.970,00	25,5	0,38	21.020,00
IV-Transferencias corrientes	7.051.166,33	32,81	2,79	191.089,36
V- Ingresos patrimoniais	72.099,18	0,34	-12,79	10.578,56
Operaciones de capital	2.504.211,18	11,65	38,37	694.417,37
VI- Alleamento de investimentos	1.480,00	0,01	100,000	1.480,00
VII-Tranferencias de capital	1.420.016,88	6,61	82,10	640.223,07
VIII- Variación de activos financiero	30.000,00	0,14	0,00	0,00
IX-Variación de pasivos fin	1.052.714,30	4,90	5,27	52.714,30
Total Orzamento	21.492.596,69	100,00	6,08	1.231.148,17

ORZAMENTOS 2016

Ingresos



Capítulo I, Impuestos directos

Supón aproximadamente o 28,87 % do ingreso total.

As estimacións neste capítulo teñen a súa base no estado da liquidación do exercicio 2015.

Como xa ven sendo habitual, o Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, é sen dúbida un dos principais impostos locais e unha fonte de ingreso fundamental, cunha previsión para o exercicio 2016 de 4.420.200,00 € (o 20,57 % do ingreso total do Concello). Esta consignación inicial obtense tendo en conta a existencia dunha revisión dos valores catastrais que tivo efectos no exercicio 2007. Incrementábase a consignación en 300.000 euros a partires dos datos obtidos do Catastro e da Deputación Provincial, así como a vista da execución do Padrón do IBI.

Para o caso do IBI de natureza rústica, incrementábase nun 53,75 %, a partires dos datos do Catastro e da Deputación Provincial, así como a vista da execución do Padrón do IBI rústico.

O imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana mantense na consignación do exercicio anterior, debido as transmisións efectuadas que ten coñecemento este Concello polos datos facilitados polas Notarías e pola revisión dos valores catastrais.

Para o caso do Imposto sobre Actividades Económicas, mantense a previsión inicial respecto á contemplada no exercicio 2015, á vista dos datos da execución do exercicio anterior.

O Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, diminúe a previsión de ingresos nun -4,20% respecto do ano 2014, á vista dos datos que forma o padrón de vehículos, da rebaixa acordada polo Pleno da Corporación e das novas bonificacións incluídas na ordenanza fiscal

ORZAMENTOS 2016

Ingresos

Capítulo II: Impuestos indirectos

Recole unicamente o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. Neste exercicio, mantense a mesma previsión de ingreso por este imposto que no ano 2015, xustificable en base ao estado de execución do exercicio anterior e consistente co plan de axuste aprobado polo Pleno da Corporación.

Á vista de cal sexa o ritmo de execución desta previsións, serán adoptadas as medidas orzamentarias que resulten necesarias, no seu caso.

Capítulo III: Taxas e outros ingresos

Neste capítulo, e en aplicación do criterio de prudencia, as bases tidas en conta para a consignación das previsións aquí incluídas foron, principalmente, o estado de liquidación do exercicio 2015, as Ordenanzas Fiscais vixentes para o exercicio 2016 e as estimacións das variacións que se poden producir ao longo do exercicio para determinados conceptos.

As taxas e prezos públicos experimentan leve incremento do 0,38%, consecuencia principalmente dos axustes na previsión de ingresos das distintas taxas a vista da liquidación do orzamento 2015. Na maior parte dos ingresos recollidos en tales epígrafes aplícase un criterio de prudencia á hora de consignar os mesmos, mantendo os mesmos importes iniciais que no exercicio 2015, aínda cando o estado de execución poña en ocasións de manifesto un naumento de dereitos respecto das previsións iniciais.

Ademais, débese ter en conta, que as ordenanzas fiscais para o ano 2016 foron conxeladas ou rebaixadas nalgúns casos, polo que non se vai producir un aumento dos ingresos por este motivo

ORZAMENTOS 2016

Ingresos



Capítulo IV: Transferencias correntes.

Os datos consignados neste capítulo baséanse na información xa coñecida e que se deriva de convenios e confirmacións de subvencións por parte dos entes concédente das mesmas.

En canto a participación municipal nos tributos do Estado: Como é ben coñecido, esta previsión experimenta unha importante diminución, cifrada en -129.437,11 € o que representa un 2,59% respecto do exercicio anterior. É importante sinalar que esta participación consignase polo importe neto, posto que non hai que esquecer que o Concello foi requirido polo Estado, a través do Ministerio de Economía e Facenda para que efectuase a devolución as arcas estatais dun importe de 607.704,44 euros e 754.072,07 euros nun prazo de tempo de 5 anos, derivados da P.I.E. 2009. Segundo estipula o proxecto de lei de orzamentos para o ano 2012 modifícase o procedemento de reintegro da devolución da P.I.E. do ano 2008 e 2009 ampliándose de 60 a 120 mensualidades o período de reintegro con efectos retroactivos a 01.01.12.

Ao ser o ano 2013 de regularización polo motivos expostos no informe económico financeiro referido a dito ano, a cantidade a devolver no ano 2016 ascende a 124.023,48 €, a razón de 10.335,29 euros mensuais. Correspondendo unha devolución respecto da PTE 2008 de 48.616,36 € e de 75.407,22 € da PTE 2009, tal e como consta no estado da débeda que forma parte deste orzamento do ano 2016

No caso do Fondo de Cooperación Local, contéplase unha contía semellante a do ano 2015

Subvencións: Resulta innecesario pormenorizar cada unha delas, posto que están perfectamente definidas en cada concepto de ingreso.

ORZAMENTOS 2016

Ingresos



Capítulo V: Ingresos patrimoniais.

Intereses de depósitos. Estímanse en 20.000 euros, cunha moi importante diminución do -100% (20.000 €), debido ao importantísimo esforzo que estivo a facer Concello de Riveira adiantando os seus fondos para o pago dos gastos derivados do proxecto Riveira Atlántica.RA2015, e estando pendente de cobro aproximadamente 2 millóns de euros que o Estado lle debe ingresar ao Concello. A consignación é polo bruto a percibir, xa que dende o 1 de xaneiro de 1996 coincide co neto posto que as Administracións Territoriais están exentas do Imposto sobre Sociedades segundo a Lei 43/1995, de 27 de decembro.

Asemade, tamén se consigna dentro deste capítulo a previsión do ingreso que para o Concello supón a concesión do servizo público da lonxa de Aguiño, segundo acordo de marzo de 2004. Consígnase tamén, os ingresos anuais derivados do arrendamento dunha finca de titularidade municipal no Monte de San Alberto á empresa Gas Galicia SDG S.A, para a instalación provisional dun depósito de gas, así como as restantes concesións administrativas e o canon polo contrato de máquinas expendedoras.

ORZAMENTOS 2016

Ingresos

Capítulo VI: Alienacións de investimentos reais

Neste orzamento se consignan 1.480 euros en concepto de ingresos por alienacións de investimentos reais, derivados da venda dun vehículo municipal.

Capítulo VII: Transferencias de capital .

Os conceptos de ingreso detallan as transferencias confirmadas ou xestionadas ata agora polo goberno municipal, e que se explican por si mesmas no detalle dos Estados de Ingresos e Anexo de Investimentos. Entre todas elas cabe destacar pola súa importante contía o PAS2016 (617.193,37 €), o POS 2016 (452.608,47 €), os Plans Complementarios (94.100,19 e 62.260,27 €) e as demais subvencións que constan con todo detalle no estado de ingresos.

Capítulo VIII: Activos financeiros.

Os recursos procedentes do capítulo 8 de ingresos non experimentan aumento

Capítulo IX: Pasivos financeiros.

O Concello mantén a mesma consignación no capítulo 9 que no ano 2015 pero cunha importante vantaxe financeira, posto que en virtude do Plan de Aforro e Investimento (PAI 2016) da Deputación de A Coruña os 401.830,29 € que nos corresponden non van xerar custes financeiros para o Concello de Riveira.

A maiores tamén se consigna outra operación de crédito ca Deputación de A Coruña a través PAI adicional 1/2015 polo importe de 52.714,30 euros, coas mesmas condicións estipuladas no orzamento do ano 2015 con motivo do PAI 2015.

ORZAMENTO 2016

Gastos

Ingresos	Euros	% Total	Variación 15	Absoluto
OPERACIONES CORRENTES	16.737.777,54	77,78	3,36	544.202,97
I- Personal	6.507731,91	30,28	3,93	246,249,14
II- G.Corrente	9.553.845,66	44,45	3,14	290.812,19
III- G.Financieros	159.792,96	0,74	-33,28	-79.720,36
IV-Transferencias Corrientes	516,401,01	2,40	20,22	86.862,00
OPERACIONES CAPITAL	4.754.825,14	22,12	16,89	686.945,20
VI- Inversiones reales	2.995.666,62	13,61	18,24	451.344,36
VII-Transferencias de capital	274.335,71	1,28	100	274.335,71
VIII- Variación de activos financiero	30.000	0,14	0,00	0,00
IX-Variación de pasivos financiero	1.524822,81	7,09	-2,48	-38.734,87
Total Orzamento	21.492.596,69	100	6,08	1.231.148,17

ORZAMENTO 2016

Gastos

Capítulo 1: Gastos de persoal

Dótanse os créditos necesarios para afrontar os gastos de persoal funcionario e laboral, de xeito tal que pola súa contía pasan a representar o 30,28 % do orzamento total do Concello, sendo o segundo gasto por natureza en canto ao seu importe, despois do gasto corrente.

Este capítulo experimenta un aumento do 3,93% como consecuencia do incremento do 1% dos salarios dos empregados públicos e da consignación da parte da paga extra de decembro de 2012 tal e como dispón a disposición adicional duodécima da Lei 48/2015 de 29 de outubro, de Orzamentos do Estado para o ano 2016, así como das distintas subvencións en materia de emprego local. De non ser así, estaríamos a falar dun incremento do 1%, tal e como establece a Lei de Orzamentos para o ano 2016

Concello procederá a contratación do seguintes postos temporais:

- 10 auxiliares de policía.
- 1 substitución servicios sociais.
- 6 operarios mantemento infraestruturas multidisciplinar.
- 4 técnicos de turismo.
- 20 peóns limpeza de praias.
- 5 peóns limpeza de zonas verdes.
- 38 socorristas e xefes de praia

ORZAMENTOS 2016

Gasto



Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servizos.

Representa aproximadamente o 44,45 % do Orzamento Xeral, sendo o que rexistra a maior consignación de todo o orzamento. A través dos créditos consignados dentro deste capítulo trátase de atender os gastos necesarios de funcionamento da Entidade, de mantemento dos servizos e de garantir as obrigas derivadas dos contratos asumidos polo Concello. Así, as previsións contidas neste Estado de Gastos baséanse nos criterios e obxectivos prioritarios que a continuación se indican de forma resumida:

- a) Con carácter xeral, os servizos manteñen ou actualizan as consignacións do pasado ano 2015, así como do ano 2013, xa que os mesmos xa viñeron absorberdo a subida do IVE en pasados exercicios.
 - b) A continuación, tamén dicir que existen servizos que sofren un aumento, por tratarse de servizos básicos para este Concello, como é servizos sociais, atención a persoas dependentes, mantemento de vías e beirarrúas, mantemento de parques, turismo, etc....
 - c) Asemade, se consignan os créditos necesarios para atender aqueles gastos derivados de contratos ineludibles para o Concello, algún dos cales experimentan para este exercicio un aumento como consecuencia das actualizacións de prezos, tal é o caso do contrato de xestión da auga potable e saneamento. Tamén se consignan os créditos derivados do acordo do Pleno da Corporación en relación a reorganización do servizo e modificación do contrato, e os derivados do contrato da ESE en materia de alumeadado público, desglosados segundo as prestacións tal e como dispoñen os pregos de condicións de dita contratación.
 - d) Indicar tamén a destacable minoración da consignación para facer fronte aos custes do canon de SOGAMA, derivado da rebaixa da taxa a repercutir aos Concellos, que no caso do de Riveira sitúanos a niveles do ano 2013.
- E xa para concluír indicar que de entre todos os servizos municipais, o que presenta a maior dotación para gasto corrente é o destinado a atender a prestación do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, seguido do gasto necesario para atender o servizo de subministro de auga e saneamento. A continuación hai que citar a consignación para dar cobertura ao gastoderivado do contrato da empresa de servizos enerxéticos do alumeadado público, situándose posteriormente o gasto corrente de departamentos como o de deportes, educación, atención a dependencia, axuda a domicilio

ORZAMENTOS 2016

Gasto

Capítulo 3: Gastos financeiros.

En canto aos Capítulos III e IX, indicar que neles se recollen, respectivamente, as cantidades correspondentes ao pago de intereses e amortización da débeda viva do Concello.

No caso do capítulo III, existe unha moi importante diminución do -33,28% e que ascende a preto de 80.000 euros, como consecuencia das modificacións das condicións dos distintos préstamos que ten asinados o Concello, sendo quen este Equipo de Goberno conseguir rebaixar tódolos tipos de interese ao minorar a banca o marxe establecido nos distintos Contratos.

Dita redución é de significativa importancia por dous motivos, xa que nun primeiro lugar estamos a falar dun aforro de custes para o Concello de preto de 80.000 euros en intereses, e pola outra banda permite un aumento da capacidade para investir en mantementos de servizose infraestruturas con cargo aos fondos propios nun importe de preto de 80.000 euros, o que supón unha notable variación na estrutura orzamentaria

ORZAMENTOS 2016

Gastos

Capítulo 4: Transferencias correntes

No mesmo consígnanse, ademais das achegas a grupos políticos do Pleno Municipal, determinadas subvencións que xa se veñen recollendo en exercicios anteriores. Agora ben, tamén se consignan nominativamente dentro deste capítulo determinadas subvencións a outorgar directamente polo Concello, de acordo co detalle recollido na Base 52ª das de execución do orzamento.

Este ano, non se consignan as achegas as comisións de festas, xa que é intención dende a Concellería de Cultura e Festexos a promoción das distintas celebracións a través dunha participación activa do Concello en aras á promoción da cultura na nosa Comunidade.

Experimenta un moi importante incremento do 130% a subvención a Festa da Dorna, mostra do apoio deste Concello a celebración de dita Festa. Este ano as achegas aos clubs deportivos aumentan un 8,48 % para o apoio aos clubs, grazas a aposta e contribución deste equipo de Goberno á promoción do deporte no Municipio.

Contéplase crédito para o convenio regulador da celebración da Feira do Libro, así como para a achega a Asociación DELOA en materia de empleabilidade dos xoves, segundo acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 30.05.16. Dase cumprimento o acordo plenario sobre a fundación museo do Gravado

En materia deportiva, tamén se consignan subvencións nominativas a favor do Clube Náutico, do Clube Lajareu por Barlovento e da Asociación de Veciños de Carreira, en aras ao fomento da escola de vela, do fomento da vela tradicional e do mantemento e fomento da ruta de sendeirismo circular San Paio de Carreira SR4, respectivamente.

Tamén se inclúen dentro deste capítulo as achegas a realizar polo Concello á FEGAMP, FEMP, a Fundación Ruta Xacobeá e a Mancomunidade de Arousa Norte.

ORZAMENTOS 2016

Gasto



Destacar que a pesar da crise que se está a vivir, as axudas a outorgar dende o departamento da área social (Servizos Sociais) para axudas á emerxencia, escolarización, atencións benéficas, programa Vacacións en Paz, convenios..., experimentan un moi importante aumento do 125 % nas atencións benéficas de emerxencia social e do 20 % en axudas a escolarización, sobre as partidas do ano 2015

Mantéñense as 3 liñas diferenciadas de subvencións a entidades sen fin de lucro:

- liña asociacións de maiores, dirixida aos clubs de xubilados e pensionistas radicados no municipio, cun incremento da consignación do 100% respecto ao ano 2015.
- liña de actividades extraescolares, dirixida aos colexios públicos e concertados e asociacións de pais radicadas no municipio, mantendo a mesma consignación que no 2015.
- liña subvencións culturais, dirixida as asociacións sen fin de lucro radicadas no municipio, cun incremento da consignación do 20% respecto ao ano 2015.

Así mesmo, consígnase fondos para o financiamento de campañas conxuntas en materia de prevención con RENACER, coas asociacións de diversidade funcional AMBAR, AMICOS e A CREBA e coa asociación FAIBEN, en aras atención a infancia

ORZAMENTOS 2016

Gasto



Capítulo 6: Inversións reais

O seu detalle recóllese no Anexo correspondente. Sinalar o importante incremento (18,24 %) que se produce con respecto ao ano 2015, como consecuencia do importante aumento dos fondos alleos das distintas Administracións ou Entes para o financiamento de inversións.

Este capítulo ascende a 2.925.666,62 euros dos que 888.050,22 euros son fondos propios, o que representa o 27,76% do importe total dos investimentos.

O seu detalle recóllese no Anexo correspondente. Todos os investimentos previstos neste documento que están financiadas con subvención, contan co compromiso correspondente de achega por parte do ente subvencionado.

Capítulo 7: Transferencias de Capital

Se contempla consignación para atender os custes derivados do programa de infravivenda, así como para a remodelación do campo de fútbol de Carreira, en virtude do acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 13.04.15 e do financiamento obtido a través do PAI 2016 da Deputación de A Coruña

ORZAMENTO 2016

Gasto



Capítulo 8: Activos Financeiros.

Composición

Está en correspondencia co Capítulo VIII do Estado de Ingresos. A súa contía está determinada polo Acordo Marco para o Persoal do Concello, e ata esta contía pode autorizarse sen que se resinta a liquidez do Concello. Mantense a mesma contía que o consignado no exercicio anterior, 30.000 euros. Todo isto co fin de poder así atender as demandas dos representantes dos traballadores.

Capítulo 9: Pasivos Financeiros.

Corresponden ás amortizacións dos préstamos da carga financeira vixente. Detállase no Estado da Débeda incorporado ao expediente. Este Capítulo experimenta unha minoración do -2,48 % respecto ao exercicio 2015, consecuencia da extinción dunha operación de préstamo asinada no ano 2005. Tamén facer mención a inclusión do Plan de Aforro e Investimento (PAI 2016) da Deputación de A Coruña, posto que dos 401.830,29 € que nos corresponden, 162.259,07 euros vanse a destinar a amortización anticipada para reducir o endebedamento do Concello de Riveira, cantidade resultante de aplicar ao préstamo provincial asignado a través do PAI, a porcentaxe do seu endebedamento nos termo establecidos no artigo 53 do RDL 2/2014, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL

Orzamento 2016

Endebedamento



SITUACIÓN 2015

SITUACIÓN 2016

PORCENTAXE	DÉBEDA 2015
CV	10.821.036,68 €
ILV	18.912.837,86
$EL=(CV/ILV)*100$	57,22%

PORCENTAXE	DÉBEDA 2016
CV	8.299.963,95
ILV	19.643.689,86
$EL=(CV/ILV)*100$	42,25%

ORZAMENTO 2016

INDICE DE AHORRO



INDICE DE AFORRO MUNICIPAL

	2016	2015	Variación
Ingresos Corrientes (Cap. 1 a 5)	19.643.689,86	18.912.837,87	730.851,9
Gastos Corrientes (Cap. 1,2 y 4)	15.263.719,33	14.679.134,35	584.584,8
AFORRO BRUTO	4.379.970,53	4.233.703,51	146.267,02
Anualidad Teórica Amortización	1.585.242,49	1.662.187,28	-76.945
AFORRO NETO	2.794.278,04	2.571.516,23	222.761,77

ORZAMENTO 2016

ANEXO DE INVESTIMENTOS



INVERSION	FONDOS PROPIOS	SUBVENCIÓN XUNTA	SUBVENCIÓN DIPUTACION	OPERACION PRESTAMO	OUTROS	COSTE TOTAL
Maquinaria e instalacións Policía Local	9.000,00					9.000,00
Material control tráfico				15.000,00		15.000,00
Equipos para proceso información control aparcamientos	6.000,00					6.000,00
Maquinaria, instalaciones y utillaje P. Civil	3.520,00				1.480,00	5.000,00
Aquisición de terreos				50.000,00		50.000,00
Honorarios redacción de proxectos				25.000,00		25.000,00
Renovación liña saneamento e reposición pavimentos Rua Delicias e Dunas - Corrubedo (PAS 2016)			145.605,28			145.605,28
Ampliación rede saneamento no lugar de Gándara (Oleiros)		8.559,10				8.559,10
accesibilidade nos CEMITERIOS MUNICIPAIS				18.000,00		18.000,00
Renovación alumbeado público. Prestación P4 s/ contrato - Anualidade 2016.	492.343,39					492.343,39
Mobiliario Urbán				25.000,00		25.000,00
Melloras en parques e xardíns.				20.000,00		20.000,00
PARQUES BIOSALUDABLES				20.000,00		20.000,00
Construcción Parque infantil en Punta Castro e mellora do parque infantil Ameixida (Castiñeiras)	47.475,17		13.625,44			61.100,61
Acondicioamento dos parques da Tasca e Abesadas (PAS 2016)			50.675,65			50.675,65
Maquinaria, instalacións e utillaxe parques e xardíns	3.000,00					3.000,00
Reposición duchas nas praias de Coroso e Palmeira	6.000,00					6.000,00

ORZAMENTO 2016

ANEXO DE INVESTIMENTOS



Aplicaciones informáticas Servicios Sociais	4.500,00					4.500,00
Mobiliario e enseres CIM	1.000,00					1.000,00
Mobiliario e enseres UAD	2.000,00					2.000,00
Melloras nos colexios				44.000,00		44.000,00
Impermeabilización da cuberta e vestiarios do Pavillón Deportivo do Colexio de Aguiño	6.416,39		5.966,04			12.382,43
Adquisición parque de educación vial	6.000,00					6.000,00
Mobiliario e enseres Conservatorio	5.000,00					5.000,00
Adquisición fondos bibliográficos - Biblioteca Municipal	6.000,00					6.000,00
Mobiliario e enseres Museo	3.000,00					3.000,00
Melloras en edificios e outras instalacións área cultura	14.000,00					14.000,00
Melloras no exterior do Centro Interpretación Arquolóxica de San Roque	20.645,34		8.298,08			28.943,42
Sustitución de paneis traslúcidos de poliéster na cuberta do Polideportivo de A Fieiteira	38.000,00					38.000,00
Maquinaria, instalacións e utillaxe deportes	6.000,00					6.000,00
Maquinaria, instalacións e utillaxe Lonxa	3.000,00					3.000,00
Ampliación 2 MUX de canales Repetidor TDT San Alberto	10.295,06					10.295,06
Mellora da seguridade vial na zona escolar de Frións					52.714,30	52.714,30
Pavimentación sobreanchos e canalización de pluviales en Laxes				21.661,18		21.661,18
Pavimentación e instalación red de pluviales en Rúa Miñoteiro - Palmeira (POS 2016)			131.505,93			131.505,93
Pavimentación de caminos en Dean Grande (POS 2016)			71.059,60			71.059,60

ORZAMENTO 2016

ANEXO DE INVESTIMENTOS



Instalación red saneamiento e reposición pavimentos en el Lugar de Bretal - Oliveira (POS 2016)			151.310,34			151.310,34
Renovación servicios e pavimentación Rua Penisqueiroa - Aguiño (POS 2016)			98.732,60			98.732,60
Ampliación red saneamiento e pavimentación en Frións - Carreira (Plan Complementario POS 2016)			62.260,27			62.260,27
Pavimentación Rua Faxinde e camiño Areeiros (PAS 2016)			93.391,16			93.391,16
Reposición muro en Frións s/ acuerdo xgl 17.12.98						0,00
Reposición muro parcela de terreno en Frións ctra 7301 s/ condición 2ª acordo da xgl 17.12.98	34.516,46					34.516,46
Pavimentación da estrada de Lixó - Oleiros	20.439,06	39.881,10				60.320,16
Pavimentación do vial de Gándara a Campo de Patas (Riveira-Porto do Son)	12.810,32	49.991,50			12.810,32	75.612,14
Mellora do firme do vial Lixó - Os Muíños	11.339,45	54.723,00				66.062,45
Rectificación do vial acceso ao Hospital por ampliación área de Urxencias					60.060,46	60.060,46
Construcción beirarruas na Rua Fernández Bermúdez	2.985,09				103.109,25	106.094,34
Renovación beirarruas na Rua do Barreiro - Palmeira	18.000,00				18.000,00	36.000,00
Actuacións derivadas do Plan de Accesibilidade					50.000,00	50.000,00
Reposición asfaldos en viales					100.000,00	100.000,00
Obras menores en vías públicas					28.338,82	28.338,82
Reposición de danos en infraestruturas e bens públicos	30.000,00					30.000,00
Equipamento informático admón general	9.000,00					9.000,00

ORZAMENTO 2016

ANEXO DE INVESTIMENTOS



Mobiliario e enseres Casa Consistorial	16.000,00					16.000,00
Melloras no Campo de Fútbol de Oleiros (PAS 2016)			30.651,71			30.651,71
Mellora do illamento e eliminación barreiras arquitectónicas na Biblioteca e Centro Lustres Rvias (PAS 2016)			30.492,00			30.492,00
Instalacións, remate e urbanización exterior Centro Social Multiusos Carreira (PAS 2016)			266.377,57			266.377,57
Substitución da cuberta do Conservatorio Municipal (Plan Complementario PAS 2016)			94.100,19			94.100,19
SUBTOTALS	853.285,73	153.154,70	1.254.051,86	598.169,71	67.004,62	2.925.666,62
Subvenciones de capital a entidades sin fin de lucro	10.362,35					10.362,35
Remodelación do campo de fútbol de Carreira (PAI 2016)	24.402,14				239.571,22	263.973,36
SUBTOTALS	34.764,49				239.571,22	274.335,71
Anticipos persoal					30.000,00	30.000,00
SUBTOTALS	0,00	0,00	0,00	0,00	30.000,00	30.000,00
TOTAL	888.050,22	153.154,70	1.254.051,86	598.169,71	97.004,62	3.230.002,33

ORZAMENTOS 2016

Resumo



- ORZAMENTOS PRUDENTES, REALISTAS I EN PROCESO RECUPERACION
- ORZAMENTOS PENSADO NAS PERSOAS
- DE MERCADO CARÁCTER SOCIAL
- DEVOLVEN A SOCIEDADE CIVIL O SEU ESFORZO CO INCREMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES AS ASOCIACIÓN E CLUBES
- AUMENTA A INVERSIÓN E OS FONDOS PROPIOS PARA FINANCIALA
- MENOS DÉBEDA
- MAIS AFORRO BRUTO E NETO
- CUMPRE OBXECTIVO DE ESTABILIDADE CON SUPERÁVIT DE 472.108,52€

Orzamentos Riveira 2016

Grazas pola vosa atención

